



A mocidade no medio rural



Posibilidades de participación



**CONSELLO DA XUVENTUDE
DE GALICIA**

A mocidade no medio rural. Posibilidades de participación

<u>Índice</u>	<u>Páxina</u>
1. Introducción.....	3
2. Análise demográfica.....	4
3. Metodoloxía.....	8
4. O porqué do estudo.....	10
5. Aspectos para analizar.....	11
6. Análise de resultados.....	14
7. Conclusións.....	34
8. Bibliografía.....	37
9. Anexos.....	38

1. *Introdución*

A mocidade rural móvese nun contexto de incerteza ante a falta de perspectivas de futuro e a desmotivación provocada pola débil estrutura social e cultural que predomina nas comunidades rurais.

Un aspecto importante é a minoría poboacional dos mozos e mozas neste medio, esta é a principal razón polo que o movemento asociativo xuvenil é de grande importancia, para o desenvolvemento das comunidades locais para que haxa un impulso e unha dinamización do medio rural.

Respecto do movemento asociativo hai que remarcar que as asociacións xuvenís veñen determinadas tanto por aspectos sociais (sexo, idade, nivel económico, nivel cultural, status, etc.) como polo medio físico (extensión territorial, dispersión dos núcleos, infraestruturas, servizos, etc.)


Partindo destas premisas, e se nos referimos ao medio rural, vemos que este territorio sofre un desequilibrio respecto das zonas urbanas. A poboación máis afectada debido a isto é a mocidade, xa que pola falta de actividades e recursos ve a necesidade de trasladarse do medio rural ao medio urbano.

Non se trata de trasladar as pautas de participación urbana ao medio rural, xa que estas son moi diferentes, polo que é necesario partir dunha comprensión da súa propia realidade para poder lograr a súa implicación e favorecer a intervención activa dentro do seu territorio apoiándose en organizacións xa existentes ou fomentando a súa creación.


Desde o Consello débese impulsar a participación xuvenil e o asociacionismo no medio rural, pondo de manifesto a falta de infraestruturas físicas e técnicas para unha maior implicación da xuventude residente no medio rural de Galicia.

2. Análise demográfica


Poboación Galicia 2008



Poboación 15-29 anos. Menos 2000 habitantes por provincias




Poboación Galicia 15-29 anos. Menos 2000 habitantes




Provincias


A Coruña




Lugo



Ourense



Pontevedra



3. Metodoloxía

Para este estudo lévase a cabo unha metodoloxía cuantitativa e cualitativa. Mediante metodoloxía cualitativa, comezouse a realización do estudo, de forma que se recompilou toda aquela documentación que permitise contextualizar a situación da mocidade rural de Galicia nos últimos anos.

A metodoloxía cualitativa serviu para desenvolver o proxecto de investigación que se ía realizar, así como para fixar as variables que interesaban na mostraxe realizada sobre a mocidade rural de Galicia.

Como instrumento de medición cuantitativo usouse por unha banda a enquisa realizada a mozas de entre 15-29 anos do medio rural. Considérase a enquisa como un método (Lazarsfeld, 1971) para indicar que o investigador non se guía polas súas propias suposicións e observacións, senón que prefire deixarse guiar polas opinións, actitudes ou preferencias do público para lograr certos coñecementos. É un método que permite explorar sistematicamente o que outras persoas saben, senten, profesan ou cren.

Cando o universo de estudo é grande tómase unha mostra, por medio da cal se reúnen datos acerca dunha poboación máis pequena; a partir deles pódese facer inxerencias acerca de todo o universo.

A mocidade no medio rural. Posibilidades de participación

Neste estudo recolleranse datos a partir de dúas enquisas. Por unha banda enquisas a unha mostra (n) de 100 mozas e mozos residentes en vilas de menos de 2000 habitantes (anexo 1). Esta mostra faise en proporción ao número de municipios de menos de 2000 habitantes por cada unha das catro provincias de Galicia, desta forma a distribución numérica das enquisas queda:

PROVINCIA	Distribución enquisas
A Coruña	20
Lugo	30
Ourense	40
Pontevedra	10
TOTAL	100

A distribución da mostra dos mozos e mozas no medio rural respecto das variables sexo, carácter, idade e lugar de nacemento é a seguinte:

	HOMES						MULLERES						
	De 15-18 anos		De 19-24 anos		De 25-29 anos		De 15-18 anos		De 19-24 anos		De 25-29 anos		
	A	NA	A	NA	A	NA	A	NA	A	NA	A	NA	
A Coruña	2	2	2	2	1	1	2	2	1	1	2	2	20
Lugo	3	2	2	3	3	2	3	2	2	3	3	2	30
Pontevedra	1	1	1	1	0	1	1	1	1	0	1	1	10
Ourense	3	3	4	3	3	4	3	3	4	3	3	4	40
	9	8	9	9	7	8	9	8	8	7	9	9	n 100

A: Asociados/as

NA: Non asociados/as

4. O porqué do estudo

O/A mozo/a do rural debido a diferentes causas, falta de infraestruturas, opcións de tempo, situación laboral, etc., enfróntase a unha realidade moi distinta á do mozo ou moza urbana e coa elaboración deste estudo preténdese dar a coñecer a realidade da mocidade no medio rural e a súa implicación participativa na sociedade.

Coa elaboración deste estudo preténdese:

- **Analizar** a situación da mocidade no ámbito rural

- Realizar un **diagnostico real** da situación da participación xuvenil no medio rural galego

- **Mostrarlle á sociedade en xeral** cal é na actualidade a realidade da mocidade rural en Galicia

- Desenvolvemento dunha serie de propostas que poidan servir de base para novas accións na política de mocidade

5. Aspectos para analizar:

→ **Despoboamento:** ao longo das últimas décadas houbo un continuo movemento migratorio do medio rural ao medio urbano. Isto tivo como consecuencia o despoboamento das zonas rurais, que á súa vez trouxo consigo unha serie de consecuencias, e a mocidade foi a máis prexudicada:

- *Educación:* falta de adecuación da oferta formativa ás necesidades da zona
- *Falta de diversificación económica:* obriga a moitos mozos e mozas a buscar emprego fóra do lugar de residencia.
- *Descenso das taxas de natalidade*
- *Masculinización da poboación*

→ **O tempo libre:** analizar os patróns comúns do uso do tempo libre da mocidade rural. Nas últimas décadas os patróns de uso do tempo libre foron moi cambiantes debido, entre outros á introdución das novas tecnoloxías. A partir deste estudo pretenderse dar unha visión real, actual e obxectiva do uso do tempo da mocidade no medio rural.

→ **A situación económica do rural:** as principais industrias asentáronse en torno ás áreas moi poboadas, deixando as zonas rurais sen opción para o seu desenvolvemento. A pesar de todo, a actividade agraria segue formando parte da estrutura social e económica das zonas rurais, ademais o 20% dos mozos rurais traballa en agricultura en Galicia. Outra das dificultades é a falta de substitución xeracional e o envellecemento da poboación rural (o 60% supera os 54 anos).

E, por último, respecto deste tema non cabe esquecer que a Política Agraria Común (PAC) ten como obxectivo o aumento da produción agraria a través dun sistema de produción industrializado e competitivo, o que fai que aqueles que non estean preparados queden fóra deste mercado.

Para mellorar esta situación deberíanse executar medidas políticas, económicas, sociais e ecolóxicas tendo en conta as necesidades de todos os seres humanos e, por suposto, neste caso, da poboación rural.

→ **O movemento asociativo:** é necesario e imprescindible a figura da mocidade no desenvolvemento rural, polo tanto, o espazo das asociacións xuvenís é un medio de crecemento persoal e de información necesaria para facer fronte aos problemas que xera o medio rural.

É importante investir en políticas públicas de mocidade que teñan especial acento no ámbito rural: desenvolver medidas adecuadas ás zonas de actuación e que teñan os e as mozas como centro destas políticas. Para iso, entendemos que a interlocución coa mocidade e cos axentes sociais, no caso do medio rural, convértese nunha necesidade vital.


→ **Emprego:** a situación económica mundial fixo que haxa unha volta ao medio rural debido ao rexurdir dos denominados novos xacementos de emprego, en resposta ás demandas que tanto desde o interior coma desde o exterior do medio rural están a xerarse.

Estas novas actividades están baseadas na valorización dos recursos locais e da calidade ambiental, as novas demandas turísticas e de lecer, a segmentación e descentralización de mercados e a existencia de axudas para a implantación destas novas actividades.

A actitude dos máis novos, e en especial das mulleres novas, ante estas novas actividades é moi positiva e supón un impulso á permanencia da mocidade no mundo rural, o que permite o seu desenvolvemento tanto persoal coma profesionalmente.

6. *Análise de resultados*


Distribución da enquisa segundo idade:



O 33% das persoas enquisadas ten unha idade comprendida entre os 15 e 18 anos; o 33% corresponde a mozos/as con idades entre os 19 e os 24 anos, de maneira que un 34% de persoas entrevistadas agruparía idades desde os 25 aos 29 anos.

A distribución da poboación entrevistada atense ao obxectivo do estudo sociolóxico de coñecer os intereses dos mozos e mozas en canto á participación asociativa, tendo en conta que segundo a marxe de idade, trátase de mozos englobados dentro da tipoloxía de persoa nova.


Distribución da enquisa segundo o xénero:



A mocidade no medio rural. Posibilidades de participación

Canto ao xénero dos mozos e mozas, podemos observar que un 54% son mulleres e un 46% homes. Tan só comentaremos que, ao longo do estudo pódese percibir que si existen diferenzas entre as tendencias segundo o xénero, o cal pode resultar moi interesante á hora de realizar diferentes e novas accións nas zonas rurais.



Ocupación:



Un 63 % dos mozos/as só estuda, de modo similar aínda que en menor número o 17% só traballa. Por outra banda, o 2 % axuda á familia, o cal supón que o fai tanto no fogar coma noutro tipo de traballo, ben de tipo agrario ou en relación coa profesión familiar. Un 8% está no paro, o que supón unha cifra relativamente alta con respecto ás zonas urbanas.

Tamén, tense en conta que un 10% traballa e ademais estuda, polo tanto debemos sinalar o esforzo que supón á vez que demostra o ánimo de superación ou mellora, na profesión, obviamente.

Distribución de asociados / Non asociados:




Un 61% dos mozos non pertence a ningunha asociación, o que parece moi rechamante. As razóns polas cales a xente nova non forma parte dunha asociación son de diversa índole e, no seu conxunto, compoñen un complexo armazón difícil de analizar. Pódese relacionar esta falta de conciencia asociativa coa falta de tempo libre. Este diminúe a medida que aumentan as responsabilidades sociais.

A mocidade no medio rural. Posibilidades de participación

Só o 39% dos mozos e mozas rurais pertence a algunha asociación. Esta falta de implicación da mocidade rural en asociacións non ten que ser algo en particular, este fenómeno hai que telo en conta como consecuencia da progresiva homoxeneidade dos procesos de socialización das persoas novas.

Pertenza a asociacións segundo tipo




Daqueles que si pertence a algún tipo de asociación, a asociación deportiva obtén a maioría cun 39%, mentres que un 17% a asociacións culturais.

Pódese dicir que o asociacionismo xuvenil das zonas rurais se caracteriza por orientarse maioritariamente a satisfacer demandas de ocupación do tempo libre, xa sexa con actividades deportivas, culturais ou xuvenís.

As demais asociacións, é dicir, as que se propoñen como obxectivo principal axudar os demais, transformar a sociedade ou defender intereses contan con moi pouca participación xuvenil.


Pertenza segundo idade




En xeral observamos que hai tipos de asociacións (consumidores, políticas, culturais) onde predomina a pertenza de rango de idade de 25-29 anos.

No que respecta á franxa de idade de 15-18 só a pertenza en asociacións deportivas e sociais é maior ca noutros rangos de idade.

Pertenza segundo xénero



A mocidade no medio rural. Posibilidades de participación




Respecto da pertenza segundo xénero vese unha clara distribución. No referente a asociacións deportivas, os homes (47%) superan amplamente as mulleres (27%).

As mulleres supuran os homes no que respecta á pertenza a asociacións sociais, culturais e relixiosas.

Os homes teñen unha maior pertenza en asociacións de consumidores.

De forma xeral, podemos afirmar despois da análise que os homes prefiren as asociacións deportivas, e que a súa pertenza é de forma masiva, mentres que as mulleres teñen máis diversificada a súa participación e un maior interese por unha participación máis cultural e social.

Interese en pertencer




O interese das persoas que lles gustaría pertencer a algún tipo de asociación está contrarrestado polo daquelas que non teñen ningún interese en pertencer a estas. Un 52% estaría interesado, mentres un 48% non está interesado.

Os motivos para formar parte dunha asociación son múltiples, principalmente adoitan ser a oferta de actividades e servizos interesantes para os/as mozos/as e a oferta de relacións persoais gratificantes.

Hai que ter en conta o peso do asociacionismo deportivo, que ofrece a posibilidade de acceder a instalacións deportivas e permite tamén participar en xogos de equipo e entrar en competición.


Tamén hai que ter en conta que a organización de actividades é sempre un factor importante, xa que moitas mozas e mozos non se asociarían se puidesen facer as actividades que lles gustan polos seus propios medios, coas súas amizades. O tecido de relacións persoais favorece a afiliación ás asociacións, de maneira que ter amigos/as nunha asociación aumenta a probabilidade de que un mozo ou moza se asocie a ela.

Interese por pertencer segundo tipo



A pesar da pouca participación asociativa existente entre a mocidade rural, ante a cuestión exposta de a que tipo de asociación lles gustaría pertencer, a resposta atópase moi dividida entre as distintas opcións expostas, hai que mencionar que as que espertan menos interese son as relixiosas (2%), as políticas (3%) e sindicais (7%), o cal reflicte que este tipo de asociacións resultan de moi pouco éxito entre a xente nova, que prefire asociacións culturais (19%), deportivas (17%), xuvenís (17%), ecoloxistas (15%) e sociais (12%).


Ningún interese en pertencer segundo tipo



Como se pode apreciar, aquelas asociacións elixidas que non teñen ningún interese para os/as mozos/as están moi repartidas en canto a porcentaxe, desta maneira un 18% das persoas enquisadas non formarían parte de asociacións relixiosas, parecido ao gusto polas asociacións políticas (17%), sindicais (14%) e consumidores (13%).


O interese dos/as mozos/as por todo aquilo que significa política e ideoloxías dalgún tipo en xeral (relixiosas?) carece de moito aprecio, polo que este tipo de asociacións non captan nin parece ser que captarán moitos adeptos entre os máis novos, cuxa orde de valores non garda ningún privilexio para elas.

Coñecemento do CXG



A pesar dos esforzos que vén desenvolvendo o Consello da Xuventude de Galicia, o 91% das mozas e mozos entrevistados carece dun coñecemento do CXG, só 9% asegura coñecelo. Isto demostra a necesidade de promover desde o Consello da Xuventude de Galicia unha serie de políticas dirixidas á mocidade do medio rural.


O tempo libre



Parece que todos os mozos e mozas saben se lles gusta ou non unha determinada actividade de lecer, o que permite realizar unha clasificación da actividade preferida no seu tempo libre, de feito a actividade preferida é a de “estar coas amizades” (25%), seguida de “saír de bares” (23%) e “ver televisión” (19%). Debemos sinalar que un 14% prefire conectarse a internet, o que nos indica un interese crecente polas novas tecnoloxías.

Hai que destacar a preferencia da opción “marchar da vila” cun 2% dos mozos que indican a dita elección, de maneira que a maioría de mozos/as aproveita o seu tempo libre para vivir experiencias na vila, sen marchar dela.

Compañía no tempo libre



Ante os datos dispoñibles canto ás relacións que se manteñen no tempo libre dispoñible, destaca que un 46% prefire a compañía dos seus amigos, polo tanto a relación grupal destaca de maneira visible sobre o resto.

Isto lévanos á importancia que pode ter na mocidade rural a participación en asociacións que manteñan un interese común, unha oferta homoxénea, plural, sobre actividades diversas que enlacen grupos de amigos.


En canto á familia (29%) queda patente que na mocidade rural a familia forma parte ou garda un lugar moi reservado no tempo libre dos máis novos, o cal ten un valor importante para o desenvolvemento social deste colectivo.

Tamén, hai que ter en conta a importancia, aínda que en menor medida da parella cun 21%.

É de destacar na compañía do tempo libre que tanto mulleres coma home recrean os mesmos patróns de conduta.

Importancia

Aspectos máis importantes



O/A mozo/a rural considera de máxima importancia na vida a familia (27%), seguido das amizades (26%) e da saúde (14%). Os mozos e mozas teñen en alta consideración a institución familiar, aínda que é un feito contrastado en numerosos estudos realizados nos últimos anos que, a pesar da súa posición dependente na estrutura familiar, valoran moi positivamente as súas relacións de familia.


A composición media dos fogares das persoas novas é, segundo os datos do CIS, de catro membros, incluía nunha proporción de casos non desprezable unha terceira xeración (un de cada dez mozos/as convive con algún dos seus avós).

Canto ao traballo (12%) e estudos (5%), destaca a brecha entre ambas as variables dun 5%, o cal tamén merece mención.

A mocidade no medio rural. Posibilidades de participación

Por outra banda, tamén resultan rechamantes as variables que están á cola como o tempo libre (3%), a vida sexual (3%) e saír de festa (2%). A política (0%) aparece como unha actividade non valorable para a mocidade galega do rural.

O que máis preocupa



Canto ás preocupacións que baralla a mocidade das zonas rurais galegas, parece que ten unha preocupación principal en torno á situación de desemprego cun 44%.



Tras esta preocupación, coincide nun 35% a situación da familia, o que se traduce nun apego familiar moi consistente.

No referente á violencia (8%), medio ambiente (7%) e dereitos humanos (6%) parecen coincidir nunha certa preocupación pero sen chegar a darlles moita importancia.

A relixión (0%) e a política (0%) aparecen como aspectos non preocupantes para as persoas máis novas do medio rural galego.

O que máis preocupa

Por xénero




Respecto das preocupacións por xénero, as mulleres ven a familia (45%) como o elemento de maior preocupación seguido do paro (29%) e dos dereitos humanos (14%).

Aos homes o que máis lles preocupa con ampla diferenza é o paro (60%) seguido da familia cun 22%. Cabe destacar a nula importancia que lles dan os homes aos dereitos humanos (0%).

En ambos os casos son a relixión e a política o que menos lles preocupa, ambas as dúas con 0%.


Dificultades da mocidade rural



As dificultades que afronta a mocidade rural son en moitos casos maiores ca as que pode afrontar a mocidade urbana. O paro (59%) aparece como a maior dificultade coa que se enfrontan os mozos e mozas. Un punto que deberían ter moi en conta as administracións é o despoboamento (19%) que aparece en segundo lugar. En terceiro lugar aparece a falta de alternativas de lecer e tempo libre (15%).



En último lugar aparecen o fracaso escolar (3%), a situación económica (2%) e as drogas (2%).

Dificultades da mocidade rural por idade



Observamos como o paro é aquilo que máis preocupa independentemente do rango de idade, seguido polo depoboamento e a falta de alternativas de lecer e tempo libre. Na cola aparecen o fracaso escolar, a situación económica e as drogas.

Dificultades da mocidade rural por xénero




Na comparativa entre homes e mulleres vemos como as mulleres teñen unhas dificultados máis repartidas ca os homes. Estas ven o paro como a maior dificultade cun 55%, fronte ao 63% dos homes; canto á falta de alternativas de lecer e tempo libre as mulleres perciben isto como unha dificultade nun 18% fronte ao 11% dos homes.

Canto ao depoboamento, ambos os dous sexos percíbena de forma igual, 19% mulleres e 20% homes.

Á cola quedan o fracaso escolar, as drogas, de maior importancia para o home (4%) ca para a muller (0%), e a situación económica, máis alta para as mulleres (4%) ca para os homes (0%).

Razóns para abandonar a vila




Canto á pregunta sobre se no caso de ter que abandonar a vila, cales serían as razóns, a falta de traballo é a razón máis contundente cun 81% das opinións. Isto fai ver que no medio rural é necesario un cambio de estruturas de traballo para motivar alternativas laborais como pode ser a pequena industria ou modalidades alternativas de turismo.

A independencia familiar (11%) sería outro dos motivos para abandonar a vila por parte dos mozos e mozas e vivir “a súa vida”.

Os estudos (5%) e a falta de alternativas de lecer e tempo libre (3%) son razóns de pouco peso para abandonar a vila segundo a mocidade do medio rural.

Visión do futuro da vila



Como última pregunta, respecto da situación da vila de cara ao futuro as perspectivas non son positivas. O 51% dos enquisado ve o futuro da vila regular, seguido dun 24% que o ve mal e un 6% que o ve moi mal.

Na parte positiva, un 19% das opinións cre que o futuro da vila é bo. Ninguén cre que o futuro da vila estea moi ben.

7. Conclusións

Resulta complicado expor unha serie de conclusións que puidesen resumir tan numerosa información, así como as achegas máis resaltadas.

Observamos, a partir da análise, que a mocidade rural galega está nunha encrucillada; por unha banda, este colectivo é unha parte importante para o desenvolvemento rural e, por outra banda, non ten (e non se promoven) bases estruturais á hora de permanecer no medio rural. Os mozos e mozas, na maioría dos casos, emigran á cidade en busca de alternativas (procura de traballo, alternativas de lecer, etc.) diferentes ás dispoñibles no medio rural.

Respecto do movemento asociativo, e unha vez feita a análise dos datos, podemos concluír que:

- Hai unha maior participación en asociacións deportivas, culturais e xuvenís.
- A un 51% dos mozos e mozas gustaríalle formar parte dalgunhas asociacións. Este dato indica que hai un déficit na promoción e nas canles de comunicación cara á mocidade por parte das asociacións.
- Hai unha maior participación por parte dos homes. Isto débese xeralmente á maior participación en asociacións deportivas.
- As asociacións políticas, relixiosas e sindicais reúnen a taxa de participación máis baixa. Este tipo de asociacións non son atractivas para a mocidade debido á implicación de crenzas ou valores que implican un certo posicionamento.
- A participación en asociacións implica restar o tempo libre dos mozos e mozas, algo ao que moitos deles non están dispostos.

Como fomentar o **desenvolvemento de asociacións**:

- Creación de puntos de información con coñecementos adaptados.
- Disposición de lugares de reunión.
- Actuacións de información, sensibilización, formación, soporte técnico..., e mesmo financiamento para o desenvolvemento de proxectos de ámbito municipal e/ou comarcal.
- Promoción de canles de información inter-comarcal das diferentes asociacións existentes para unha maior visibilización destas.
- Accións de sensibilización co fin de mostrar as vantaxes do asociacionismo.
- Achegamento das administracións públicas ao medio rural galego.
- Reenfocar e priorizar as políticas de mocidade rural.
- Creación de plataformas de participación alternativas.
- Fomentar a comunicación entre asociacións para xuntar esforzos e infraestruturas.
- Procura de novos espazos de participación que respondan tanto aos cambios sociais como ás demandas dos colectivos.
- Achegamento do CXG á mocidade do medio rural.
- O movemento asociativo necesita unha apertura cara as necesidades e demandas da mocidade.
- Actualizar as estratexias de comunicación por parte do tecido asociativo.

Respecto **do emprego** podemos afirmar a modo de conclusión que:

- Este é a principal causa de emigración da mocidade rural de Galicia.
- Hai un déficit de postos de traballo.
- Necesidade dunha maior oferta formativa cualificada en traballos agrarios.
- Coordinación de recursos para a orientación e a inserción laboral.
- Formación en novas posibilidades de emprego (turismo rural, de aventura, ecolóxico, etc.).

Respecto do lecer e tempo libre:

- Os mozos e mozas do medio rural seguen as mesmas pautas de uso do tempo libre ca os/as mozos/as do medio urbano.
- Facilitar medios para o aproveitamento do lecer e tempo libre da mocidade.
- Incluír a mocidade nas políticas locais de lecer e tempo libre.

Respecto do despoboamento:

- A principal causa de despoboamento é a falta de traballo, seguida da independencia familiar.
- Son necesarias unhas alternativas económicas e atractivas en políticas de vivenda no medio rural.
- A maior parte dos mozos e mozas preferiría quedar na vila antes ca ter que emigrar.
- É necesario un impulso das alternativas de lecer e tempo libre acordadas coa mocidade.

A través desta análise minuciosa da mocidade rural e as súas posibilidades de participación preténdese efectuar un diagnóstico real de cal é a situación, e as posibles solucións aos déficits que atesouran.

8. Bibliografía:

- *“El lenguaje de la investigación social”*. Paul Felix LAZARFELD. “, 1955
- *“Metodología de la investigación 1 y 2”*. Hernández Sanpier R. Editorial Félix Varela. 2004
- *Introducción a los métodos de la sociología empírica”*, Renate Mayntz, Kurt Holm, Peter Hübner. Alianza editorial
- *“Los métodos de investigación en las ciencias sociales”*.r A. Angus Campbell y George Katona. Festinger y Katz
- *Métodos y técnicas cualitativas de investigación en Ciencias Sociales, Síntesis*, Madrid, DELGADO, J. M. y GUTIÉRREZ, J
- *“El futuro del Medio Rural en España”*. Regidor, G. CES, Madrid
- *Estudio Sociológico: la Juventud Rural de Extremadura 2005 – 2006*, Cjex
- *“El futuro del medio rural en España”*, G. Regidor. 2000, CES Madrid
- *“Asociacionismo Juvenil: espacio rural e intermedio”*. R. Prieto Lacacai, Injuve
- *“Mujeres Jóvenes en el medio rural”* R. Sanpedro. Estudios de Juventud

Recursos na internet:

- www.ine.es
- www.ige.es
- www.cje.org
- www.cis.es
- www.cjrm.es
- www.injuve.es
- www.xuventude.net
- www.caritas.es
- www.fao.org
- www.comunica-accion.org
- www.eleconomista.es
- www.infoagro.com
- www.cjrm.org
- www.libroblancoagricultura.org

9. Anexos:

Anexo 1: Enquisa “Mocidade rural e participación”

1. Idade

Entre 15-18
anos.....

Entre 19-24
anos.....

Entre 25-29
anos.....

NS/NC.....

2. Sexo

Home.....

Muller.....

3. Carácter:

Asociado

Non asociado

4. Teléfono de contacto

.....

5. Lugar de nacemento

.....

6. Lugar de residencia

.....

7. Estudos (finalizados no momento da enquisa)

Educación primaria.....

Educación secundaria obrigatoria.....

Educación postobrigatoria.....

Educación especial.....

Educación universitaria.....

Educación postuniversitaria.....

NS/NC.....

8. Cal e a súa ocupación principal na actualidade:

- Estudando.....
Traballando.....
Estudando e traballando.....
En paro.....
Axudo a familia.....
NS/NC.....
Outra (indique cal).....

9. No futuro, suscítalle residir na súa vila de orixe:

SI NON NS/NC

10. Cantas asociacións coñece na súa vila?

NINGUNHA UNHA OU DÚAS TRES OU MÁIS

11. Pertence a algunha asociación?

SI NON NS/NC

12. Gustaríalle pertencer a algunha asociación?

SI NON NS/NC

13. Sabe que é o Consello da Xuventude de Galicia?

SI NON

14. Respecto das asociacións e algunha outra entidade, mencione se pertence, se lle gustaría pertencer ou non lle interesa:

	PERTENZO	GUSTARÍAME PERTENCER	NON ME INTERESA
Deportivas			
Culturais			
Xuvenís			
Ecoloxistas			
Relixiosas			
Sociais			
Consumidores			
Sindicais			
Políticas			

15. En compañía de quen pasa o tempo libre:

- Amigos/as.....
- Familia.....
- Parella.....
- Só/Soa
- Outros.....
- NS/NC.....

16. Que adoita facer no seu tempo libre? Pode marcar ata tres respostas.

- Deporte.....
- Escoitar música.....
- Ver televisión.....
- Conectarme a internet.....
- Estar coas amizades.....
- Saír de bares.....
- Marchar da vila.....
- Outros (indique cal):.....

17. Que é o que máis lle preocupa na actualidade? Do 1 a 7, correspóndese 1 nada, 7 moito.

Paro	
Familia	
Medio ambiente	
Política	
Violencia	
Dereitos humanos	
A relixión	
Outro (indique cal)	

18. Desde o seu punto de vista, que dificultades afronta a mocidade rural?

- Paro.....
- Falta de alternativas de lecer e tempo libre.....
- O despoboamento.....
- O fracaso escolar.....
- As drogas.....
- Situación económica.....
- Outra (indique cal):.....

19. Cales son os aspectos que considera máis importantes na súa vida? Marcar tres como máximo.

- Os/ As amigos/as.....
- A familia.....
- O diñeiro.....
- O traballo.....
- A saúde.....
- A parella.....
- O tempo libre.....
- A política.....
- A vida sexual.....
- Os estudos.....
- Saír de festa.....
- Outro (indique cal):.....

20. En caso de abandonar a súa vila nun futuro, cal cre que sería a razón?

- Falta de traballo.....
- Independencia familiar.....
- Estudos.....
- Falta de alternativas de lecer e tempo libre.....
- NS/NC.....

21. Como ve o futuro da vila?

- Moi ben.....
- Ben.....
- Regular.....
- Mal.....
- Moi mal.....
- NS/NC.....

Moitas grazas pola súa atención

Autor: Héctor García Herráez
Área de Socioloxía
Promove: Consello da Xuventude de Galicia
www.cxg.org



**CONSELLO DA XUVENTUDE
DE GALICIA**